

O texto narrativo

Narrar consiste en contar cousas. É ao que lle dedicamos máis tempo nas nosas comunicacións: contamos o que vivimos, dicimos de que tratan as películas que vemos, os libros que lemos ou os xogos que xogamos, relatamos o que soñamos cando durmimos, recordamos o pasado ou imaxinamos o futuro. É dicir, que pasamos o día narrando e, por suposto, asistindo ás narracións dos que conviven connosco: narración hai nos xornais que nos informan sobre os sucesos que acontecen, tamén nas películas ou nas túas series favoritas, na banda deseñada, nas letras das cancións ou incluso na publicidade porque, no fondo, estes non son máis ca distintos medios dos que nos valemos para o esencial: contarmos historias.

A narración é un tipo de texto no que se contan uns feitos que lle suceden a alguén nun lugar e nun tempo determinados

O texto narrativo conta o que lles sucede a uns **personaxes** nun **tempo** e nun **espazo** determinados. Nel é importante a **voz narradora**, pois é a que organiza e presenta os feitos desde un determinado **punto de vista**.

Tipos de narrador:

- O narrador **interno**: narra desde dentro do relato
- O narrador **externo**: narra desde fóra do relato
- O narrador **obxectivo**: Cando só narra o que ve
- O narrador **omnisciente**: Cando coñece a totalidade dos feitos

Dependendo de cales sexan os elementos da comunicación presentes en cada caso (o tipo de canle que se empregue, o código que se use, o emisor...) e da función comunicativa que predomine, podemos distinguir distintos tipos de narración:

Os tipos de narración

Narración lingüística / Narración non lingüística

Cando escoitamos a palabra “narración” adoitamos asociala inmediatamente a unha historia que lemos nun libro mais, como dixemos antes, os soportes para a narración son moitos e nin sequera en todos eles se empregan como medio de expresión as palabras. E preguntáste: se non é con palabras, de que outra maneira podemos contar historias? Viches algunha vez un espectáculo de mimo?, fixécheste nos pórticos historiados das igrexas?, oíches falar do cine “mudo”...? Iso por non falar de todas as cousas que nos pode contar unha boa imaxe... por suposto que hai moitas maneiras de contar sen palabras. E tamén hai narracións nas que as palabras complementan as imaxes, é o que pasa nas películas, na banda deseñada ou nos medios de comunicación audiovisuais.

A narración lingüística é aquela que utiliza como soporte a palabra, é dicir, que comunica a través de textos lingüísticos.



Atila en Galicia, Estampas por Castelao

Narración oral / narración escrita

E aínda usando a lingua, non é igual facer unha narración oral que unha narración escrita, pois na primeira podemos botar man de moitos recursos non lingüísticos que nos han axudar para facilitar a comunicación (a mirada, as posturas, os tons de voz...) mentres que na narración escrita o único elemento do que dispoñemos para facer chegar todas as emocións que pretendemos transmitir é a boa selección das palabras e unha correcta puntuación. Non obstante, calquera tipo de narración que se faga de xeito oral tamén se pode facer de xeito escrito, e viceversa, sempre que se adapte ás características de cada unha das canles.

Narración de feitos reais / narración de feitos ficticios

Tanto que a narración sexa oral como escrita, tamén establecemos diferenzas na súa tipoloxía se atendemos á temática e ao obxectivo que se pretende. Segundo isto, se o obxectivo é entreter falamos de textos ficticios mentres que se a intención é informar falamos de narración de feitos reais.

Mais aínda dentro da narración de **feitos reais** podemos falar de distintos tipos de narracións segundo a temática que se aborde:

- Narración do cotián:** Como dicíamos máis arriba, podemos falar ou escribir sobre aspectos puntuais das nosas propias vidas, de quen vive connosco, do lugar onde vivimos... é o que facemos habitualmente cando conversamos coas nosas amizades, cando escribimos unha carta de tipo persoal ou cando anotamos nun diario.
- Narración xornalística:** O seu obxectivo é informar, con máis ou menos detalle segundo se trate dunha noticia ou dunha reportaxe, sobre algún aspecto de interese para a comunidade. A narración xornalística sempre se fai intentando contestar seis hipotéticas preguntas: que pasou?, a quen?, cando?, onde?, como foi?, por que sucedeu?
- Narración histórica:** Trátase dun texto de carácter científico (con uso de tecnicismos, abundancia de datos cronolóxicos, económicos...) no que se relatan uns feitos históricos co

obxectivo de explicalos. Dentro dos textos históricos podemos incluír tamén as biografías de personaxes e as autobiografías.

A narración de **feitos ficticios** dáse nos textos de carácter literario, neles os sucesos son inventados (aínda que poidan estar baseados en feitos reais) e quen os conta tamén é un ente de ficción creado por un autor/a que se dedica profesionalmente a inventar historias. Neste tipo de textos o que se pretende é entreter o público (lector ou oínte) cunha historia que lle provoque emocións (medo, riso, expectación...) e que o faga reflexionar, ao mesmo tempo que se busca o pracer estético e para iso a linguaxe é utilizada dun xeito especial.

Neste mesmo grupo de textos de ficción poderíamos incluír a narración **publicitaria**, pois nela tamén se inventan historias e se fai un uso especial da linguaxe, aínda que neste caso o obxectivo non é entreter senón convencer sobre a excelencia dalgún produto.

De todos os xeitos, sexa o tipo de narración que sexa aquela da que esteamos falando, é raro atoparmos un texto no que unicamente estea presente a narración como modo de expresión, pois frecuentemente esta se atopa mesturada (sobre todo se se trata dun texto de extensión considerable) con fragmentos descritivos ou incluso de carácter expositivo ou lírico, o que si podemos atopar son textos nos que a finalidade última sexa narrativa ou nos que a forma predominante sexa a narración.

A lingua nos textos narrativos

Todos os textos, os narrativos tamén, presentan unhas especificidades lingüísticas e estruturais que son as que nos axudan a definilos como tales. Neste caso podemos mencionar as seguintes:

- A información organízase segundo un criterio cronolóxico, que se manifesta a través de **conectores** temporais (adverbios de tempo, locucións adverbiais...).
- Frecuentemente aparecen intercaladas **descricións, diálogos ou incluso argumentacións**.
- A clase de palabras que máis abunda é o **verbo**, que é a que usamos para referir accións e procesos.
- Os tempos verbais aparecen sobre todo en **pretérito**, aínda que tamén son frecuentes os presentes e copretéritos (tempos narrativos).
- Predominio das estruturas **oracionais predicativas** (fronte ás atributivas que son propias da descrición).
- Estrutura informativa, que consta de **presentación, nó e desenlace**. Á súa vez, esta información pode presentarse das seguintes formas:
 - Ascendente**: o máximo interese está ao final do relato (dáse nas narracións orais, literarias e cinematográficas).
 - Descendente**: a información principal está no comezo (narración xornalística).
 - Linear**: todas as partes teñen o mesmo nivel de interese (narración histórica).



Como dixemos máis arriba, é raro que atopemos un texto narrativo puro porque adoito precisamos describir como é aquilo do que se está contando algo, ou o lugar onde acontece... por iso ao carón destas características que acabamos de ver tamén podemos atopar adxectivos, substantivos, outro tipo de conectadores...; que haxa predominancia duns determinados elementos lingüísticos non significa que haxa exclusión dos outros.

O relato curto

O relato curto é unha narración breve, xeralmente escrita en prosa, sobre feitos imaxinarios (verosímiles ou non). Son relatos curtos os **contos**, **as lendas** ou **os mitos**. Actualmente desenvólvese moito o microrrelato, un texto narrativo extremadamente breve.



O texto narrativo

1.- Indica cal é a diferenza que existe entre unha narración literaria e outro tipo de narracións:

- a) Que os feitos que se contan na narración literaria son inventados.
- b) Que a narración literaria non ten como finalidade principal ensinar nin informar.
- c) Que na narración literaria a linguaxe ten unha finalidade estética.
- d) Todas as respostas son correctas.

2.- Indica en cal dos seguintes lugares podemos atopar unha narración:

- a) Na letra dunha canción.
- b) Nunha película.
- c) Nunha noticia do xornal.
- d) En todos eles.

3.- Cales dos seguintes criterios non nos serven para establecer os distintos tipos de narracións:

- a) A canle pola que se transmite.
- b) O tipo de emisor.
- c) O código que se emprega.
- d) O obxectivo co que se conta.

4.- Indica cales das seguintes características lingüísticas non son propias dos textos narrativos:

- a) Verbos en copretérito.
- b) Predominancia dos verbos atributivos.
- c) Uso de conectadores temporais.
- d) Menor uso de adxectivos e substantivos ca de verbos.

5.- Cal das seguintes estruturas informativas non é propia dun texto narrativo:

- a) Ascendente.
- b) Descendente.
- c) Linear.
- d) Desenvolvente

6.- Indica cal das seguintes definicións se axusta máis ao que é narrar:

- a) Contar algo que sucede a alguén nalgún momento e nalgún lugar.
- b) Escribir un texto escrito no que se conta unha historia.
- c) Expoñer un feitos que suceden e explicar as causas.
- d) Falar con alguén sobre algún tema determinado.

7.- Indica cal dos seguintes tipos de textos sería unha narración de tipo histórico:

- a) Unha novela que trate un tema de historia.
- b) Un diario.
- c) Unha biografía.
- d) Un anuncio de televisión.

Escribe un conto, unha lenda ou un mito.

Exemplo:

A Santa Compañía do Freixo

Un día á tardiña un home volvía da feira das Pontes polo Camiño dos Arrieiros e fíxoselle de noite no Freixo. Viu entón na escuridade unhas luces que ían cara el. O home arrepiado, deuse conta de que aquelas luces eran a Santa Compañía, que logo chegaron canda el e collérono obrigándoo a ir con elas. Por máis que se quería resistir, o home non podía evitar acompañar aos defuntos que xa se achegaban ao río Sor. Daquela o paisano lembrouse de que no peto levaba unha moeda. Era unha moeda de cobre que levaba nunha das súas caras unha cruz. Sacándoa ensinoullela ás ánimas, que o ceibaron e fuxiron desaparecendo no escuro da noite.

Lugar da lenda: O Freixo, concello de As Pontes de García Rodríguez (A Coruña)

[Achega de Xosé María Ferro Formoso, As Pontes (A Coruña). Marzo de 2018]

BIBLIOGRAFÍA

Reigosa, Antonio (ed.) (2020): Guía de campo da Galicia Encantada. Dos seres míticos e dos lugares que habitan. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

